

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. SIMULACRO DE EVACUACIÓN. Información ao profesorado

Unha situación de emerxencia pode xerar danos a persoas, instalacións e medio ambiente. Debemos prever e organizar adecuadamente a nosa actuación ante as emerxencias co fin de que estes danos sexan minimizados.

Os procedementos de actuación de tódalas persoas ante unha situación de emerxencia veñen recollidos nos Plans de Autoprotección.

Ante unha continxencia importante, producida no interior do Centro, tal como un incendio, a medida a tomar será sempre afastar ás persoas dos focos ou lugares de perigo, e nun edificio de gran concorrencia como o noso faise imprescindible realizar a saída ordenada e coordinadamente, finalizando o fluxo en lugares máis seguros e previamente coñecidos. A saída do interior do Centro faise a través das vías de evacuación, previamente determinadas.

Cumpre tamén adquirir hábitos que impidan situacións de pánico en emerxencias reais, chegado o caso. Por isto é necesaria a realización periódica de simulacros.

Unha vía de evacuación é o camiño a seguir para o desaloxo do edificio. Contemplamos varias vías de evacuación dos grupos de alumnos. Todas elas conducen a algún dos puntos de concentración, que son os lugares de reagrupamento despois de saír do edificio.

Estes puntos de concentración son o patio cuberto e o xardín. Todas as vías de evacuación rematan nestes lugares.

Como hai dúas escaleiras importantes no Centro consideramos dous grandes sectores: o corredor longo que leva ós alumnos ata o xardín a través da porta principal-xardín e o sector novo que evacúa ata o patio cuberto. A separación entre estes sectores é a porta laranxa que os divide.

As vías de evacuación pasan do edificio ós puntos de concentración a través de tres portas de saída que son as do vestíbulo salón-xardín, vestíbulo de entrada principal-xardín e vestíbulo de orientación-patio cuberto. Estas dúas últimas portas son de tipo antipánico. O percorrido concreto para cada aula está posto no lintel da súa porta e reforzado mediante pictogramas nos corredores, escaleiras, bifurcacións, cruces, etc.

O aviso da evacuación realízase mediante o timbre do Centro que soará tres veces consecutivas en períodos longos, separados por períodos curtos. Como norma xeral a orde de saída por plantas é de abaixo-arriba e dentro dunha planta saen antes os máis próximos á escaleira ou porta de saída. En todo caso, o inicio de evacuación en cada planta debe facelo o profesor de garda asignado (coordinador de planta ou sector). A saída da aula prodúcese por orde do profesor/a que terá en conta sempre a saída do grupo/aula que lle precede na orde xeral de saída. No punto de concentración situaríanse os grupos o máis alonxados da porta para deixar sitio ós que van chegando en fileiras perpendiculares á fachada.

No proceso de evacuación teñen especial protagonismo os profesores de cada grupo e os profesores de garda.

No momento do simulacro, se somos profesores que estamos dando clase, pasamos a ser os responsables da evacuación dese grupo de alumnos/as. Recibimos o aviso do comenzo da evacuación do Centro mediante o timbre, que soará 15 segundos e descansará cinco, repetindo o proceso outras dúas veces. Interrumpimos a clase e empezamos a preparar a evacuación da aula.

Recollemos o parte e contamos os alumnos, nomeamos un alumno/alumna como cabeza de ringleira e facemos que pechen as fiestras pero non as persianas.

O grupo debe saír pegado á parede na que está a porta de saída da aula. Como na parede oposta hai outras aulas, nun mesmo corredor debe haber dúas ringleiras de marcha, unha por cada lado.

Recordamos ós alumnos como teñen que comportarse: en ringleira de un, pegados á parede, sen correr pero rápidos, sen apelotonarse, sen adiantarse, sen volver atrás, calados, sen ningún ensee persoal.

Estamos pendentes e empezamos a evacuar detrás do grupo que nos antecede na orde de saída do corredor. O profesor vai ó final do grupo e pecha a porta. Se estamos nas primeiras aulas ás que lle corresponde a evacuación dentro da planta (por estar máis cerca da porta ou escaleira de saída) non sairemos ata que un profesor de garda ou coordinador nolo indique expresamente.

Ó chegar ó patio que nos corresponde poñeremos ós alumnos no lugar baleiro máis afastado da porta pola que saíron, en fila perpendicular á fachada do patio. Contamos de novo ós alumnos e preocupámonos en recuperar ós alumnos que estaban fóra da aula. Informamos ó Coordinador Xeral.

No momento do simulacro, se somos profesores de garda, pasamos a ser Coordinadores de Planta ou Sector na evacuación. Os Coordinadores de Planta e sector encárganse de sincronizar a saída das distintas zonas da mesma planta e das distintas plantas.

Se estamos atendendo unha ausencia nunha aula, encargámoslle o grupo ó profesor da aula máis próxima e dirixímonos á sala de profesores a recibir instrucións do Xefe de Estudos, que actúa como Coordinador Xeral.

Para axuda dos coordinadores de planta existen na Sala de Profesores guías de actuación, dentro da carpeta de emerxencias, situada na parte alta dos taquilleiros da entrada da Sala. Unha vez recibidas as instrucións e guías do Coordinador Xeral os coordinadores apuntan a hora de inicio de evacuación e van ó seu sector.

O profesor de **garda da planta baixa** empeza a evacuar a planta baixa cara o patio cuberto empezando por zona de **orientación**, ximnasio, tecnoloxía e 1º ESO E. Este profesor **avisa a través da escaleira ó Coordinador do sector novo**.

O profesor de **garda da 1ª** é o Coordinador do sector novo, dirixiuse ó sector novo e **estará á espera ata que recibe o aviso** da baixa e empeza a evacuar a parte nova das plantas 1ª, 2ª e 3ª, neste orde. En caso de non recibir o aviso da planta baixa empezará igualmente a evacuación se ve unha diminución de fluxo na planta baixa.

O profesor de **garda da planta 2ª** é o Coordinador do sector vello. Cando sae da Sala de Profesores **ordena a evacuación da 1ª planta, parte vella**, empezando no Lab. de CCNN e segundos, debe tamén avisar na zona de Física e Química. Cando están saíndo os últimos grupos sube á planta 2ª e ordena a evacuación desta planta.

Os coordinadores de planta e sector son os encargados de que a evacuación se realice fluidamente: apurando ou limitando os movementos, evitando cruces de aulas, obrigando a manter dúas ringleiras por corredor, etc.

Os coordinadores deben medir o tempo desde a saída da sala de profesores ata que xa evacuou o seu sector ou planta. Terminada a evacuación comproba que todos evacuaron e acode ó posto de Control para informar ó Coordinador xeral ou Xefe de emerxencias.

Unha vez rematado o simulacro coordina o regreso ás aulas respectivas, empezando a moverse e subir agora en sentido contrario ó de evacuación: suben primeiro os máis próximos á porta.

No momento do simulacro, se non temos grupo ó cargo, acudimos á sala de profesores para axudar ó que o Coordinador Xeral estime. En caso de non haber profesor de garda algún destes profesores actuará de coordinador de planta ou sector a instancias do Coordinador Xeral. Non debe quedar ninguén no edificio, pero deben evacuar a través das vías xa coñecidas. Estaremos máis atentos ós arrinques e desembarcos das escaleiras, finais de corredores, etc, para precurar que o fluxo sexa continuo e adecuado.

COORDINADOR PLANTA BAIXA

(Prof. Garda planta Baixa).

- 1.- Sala de profesores.
 - 2.- Tempo. Anotar hora: _____
 - 3.- Ordenar evacuación:
 - Ed. Física
 - Tecnoloxía
 - Orientación
 - 1º ESO E e seguintes.
 - 4.- Avisar planta 1ª parte nova
 - 5.- Tempo: Anotar hora: _____
 - 6.- Comprobar evacuación total.
 - 7.- Avisar coord.xeral e ir ó patio
-

COORDINADOR PARTE NOVA

(Prof. Garda planta 1ª).

- 1.- Sala de profesores.
- 2.- Tempo. Anotar hora: _____
- 3.- Ir á parte nova. Esperar aviso da planta baixa.
- 4.- Ordenar evacuación 1ª-nova:
 - 1º Bach. A e seguintes.
- 5.- Subir e ordenar evacuación 2ª
- 6.- Subir e ordenar evacuación 3ª
- 7.- Tempo: Anotar hora: _____
- 8.- Comprobar evacuación total.
- 9.- Avisar coord.xeral e ir ó patio

COORDINADOR PARTE VELLA

(Prof. Garda planta 2ª).

- 1.- Sala de profesores.
 - 2.- Tempo. Anotar hora: _____
 - 3.- Ordenar evacuación 1ª_vella:
 Lab.CCNN, 2ºESOA, E e seguintes.
 Física e Química.
 - 5.- Subir e ordenar evacuación 2ª.
 - 6.- Tempo: Anotar hora: _____
 - 7.- Comprobar evacuación total.
 - 8.- Avisar coord.xeral e ir ó patio
-

PROFESORADO CON GRUPO.

- 1.- Ver plano no lintel.
- 2.- Nomear alumnos: pechar
 Fiestra, encabezar ringleira,
 axudar compañeiros.
- 3.- Recordar normas.
- 4.- Coller o parte.
- 5.- Ordenar sair cando corresponda,
 ben por indicación exterior ,
 ben por continuidade con outros grupos.
- 6.- Pechar a porta
- 7.- Colocalos no patio. Comprobar nº
- 8.- Informar Coord.Xeral
- 9.- Regresar á aula.